

Lagarta Lagarta trae a súa obra **As últimas lúas** á mostra de teatro de Gondomar

Escrito por VM

Venres, 16 Novembro 2007 03:59



Este sábado 17 de novembro, a Mostra de Teatro de Gondomar continúa coa participación da compañía Lagarta Lagarta, dirixida polo popular actor Ernesto Chao, que porá en escea a obra **As últimas lúas**.

Na súa orixe, e dicir no texto escrito polo autor, "As últimas lúas" é bo teatro; é teatro comprometido e tamén divertido; e ten un forte compromiso humano e social, que se atreve a intentar, cunha intensa carga de delicado humor e de inmensa tenrura, unha mirada seria e serena sobre aqueles pasos tan fundamentais no noso transitar pola vida como son a senectude e a morte, e que deixa caer intermitentemente sobre o espectador algúns interrogantes: que lugar ocupan "os vellos" na sociedade contemporánea?, que espazo lles permite ocupar esta sociedade?, que poden facer "os vellos" consigo mesmos, nunha paisaxe humana e social na que, con frecuencia apabullante, fáiselles sentir coma un estorbo, coma un obstáculo que está a impedir a felicidade dos outros?..

- Dirección: Xúlio Lago

- Autor: Furio Bordón

- Elenco: Ernesto Chao, Rosa Álvarez, Artur Trillo

- Xénero: Drama

- Duración: 1 hora 40 min.

- Público preferente: Adulto (recomendada maiores de 14 anos)

Lagarta Lagarta trae a súa obra As últimas lúas á mostra de teatro de Gondomar

Escrito por VM

Venres, 16 Novembro 2007 03:59

- No Auditorio Lois Tobío, ás 22: 30 h

- Entrada: 3 euros

- Venda: en taquilla

+ info: 986 363 913

Organiza a Concellería de Cultura de Gondomar e Caixanova